



A TERRA NO UNIVERSO



1. Marca a resposta correcta. O **Universo** é...

a) o conxunto de todas as estrelas e formas de vida.

b) o conxunto de toda a materia e enerxía que existe, constituído por corpos celestes.

c) o Sol, a Terra e a Lúa.

2. A canto equivale unha **Unidade Astronómica (UA)**?

a) A 384.000 km.

b) A 9,5 billóns de km.

c) A uns 150 millóns de km.

3. A canto equivale un **ano luz**?

a) A 150 millóns de km.

b) A 3,5 millóns de km.

c) A 9,5 billóns de km.

4. Que son as **nebulosas**?

a) Nubes cósmicas de gas e po que poden dar lugar a estrela.

b) Estrelas de neutróns que emiten radiación.

c) Cintos de asteroides próximos a un planeta.

5. Relaciona con frechas.

Galaxia

Corpo máis pequeno ca o planeta ao que acompaña

Planeta

Xeo e po que orbita arredor do Sol

Satélite

Astro sen luz propia que xira arredor dunha estrela

Cometa

Agrupación de estrelas e corpos celestes



A TERRA NO UNIVERSO



6. Verdadeiro ou Falso, marca segundo corresponda.

a) O Big Bang foi unha explosión no espazo.

V

F

b) Os átomos de hidróxeno e helio formáronse millóns de anos despois da explosión inicial.

V

F

c) A radiación cósmica de fondo é unha proba do Big Bang.

V

F

7. Escolle a opción correcta: A nosa galaxia chámase...

a) Andrómena.

b) Vía láctea.

c) Orixe cósmica.

8. Escolle a opción correcta: Unha estrela produce enerxía a través de...

a) Fisión nuclear.

b) Fusión nuclear.

c) Radición cósmica.

9. Verdadeiro ou falso, marca segundo coresponda.

a) O Sol formouse antes cós protoplanetas.

V

F

b) A Terra primitiva xa tiña océanos desde o inicio.

V

F

c) Os cometas puideron contribuír á presenza de auga na Terra.

V

F

10. Estrutura do Sistema Solar. Completa mantendo a orde planetaria:

Terra

cometas

Xúpiter

Venus

Sol

Marte

gasosos

Saturno

asteroides

Urano

Mercurio

ananos

Neptuno

rochosos

A estrela central é o . Os planetas interiores ou son , ,

e . Os planetas exteriores ou son , ,

e . Outros corpos celestes no Sistema Solar son os planetas

(como Plutón, Ceres, Makemake, Haumea, e outros), e .